

PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA LEI 20/2021

Santiago de Compostela, 07/10/2022

CRITERIOS DE APLICACIÓN A PROCESOS LEI 20/2021:

- Valoración dos méritos á **DATA DA CONVOCATORIA** (**ACEPTADAS ALEGACIONES UGT**).
- Computan **só** os **SERVIZOS como TEMPORAL** (funcionario interino ou laboral temporal ou indefinido non fixo), prestados no mesmo grupo, escala ou categoría profesional obxecto da convocatoria.
- **Valoración superior dos servizos prestados na Xunta ou nos seus entes instrumentais (2/1)** fronte ao resto das administracións, no mesmo grupo, escala o categoría de persoal obxecto da convocatoria (**ACEPTADAS ALEGACIONES UGT**).
- **Elimínanse da baremación os seguintes apartados:** inclusión en listas de contratación temporal e conciliación, por seguridade xurídica e axilidade nos procesos.
- Nos procesos establécese o **carácter ELIMINATORIO e PREVIO** da proba de acreditativa do coñecemento da lingua galega (**ACEPTADAS ALEGACIONES UGT**).
- Nos procesos de **concurso-oposición** establécese que se realizará un só exame tipo test para os subgrupos C1, C2 e AP. **Solicítase que os exames para os subgrupos A1 e A2 sexan tamén tipo test, non resten as preguntas negativas, e se contemple a puntuación conxunta das probas a realizar.**
- Os **méritos irán referidos ao órgano convocante**. **A DXFP convocará** os procesos selectivos incluídos no **45.a da Lofaxga** (prazas de persoal funcionario ou de persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia), e **a DXFP NON convocará** os procesos selectivos incluídos no **45.b da Lofaxga nin tampouco** os que afecten a persoal do **45.a da Lofaxga** aos que non lle sexa de aplicación o V Convenio, **por ter convenios propios de aplicación** (**ACEPTADAS ALEGACIONES UGT**).
- **Baremación procesos:**
 - **CONCURSO-OPOSICIÓN** (A fase de oposición será o **60%** da puntuación e fase de concurso o **40%**).
 - **CONCURSO** (A baremación dos méritos terá unha puntuación total de **100 puntos**. **Méritos profesionais** ata un máximo **70 puntos** e outros méritos ata un máximo de **30 puntos** (formación, galego e superación de probas de procesos selectivos). **UGT solicita aclaración da inclusión das distintas accións formativas valorables e a posibilidade de que poda acadarse o máximo entre os tres subapartados, con puntuacións por apartado superiores ao total establecido.**
- **Aprobación de bases comúns**, previa negociación coas organizacións sindicais, e **publicación no Diario Oficial de Galicia**.
- **Incompatibilidade da compensación económica e a adquisición da condición de persoal funcionario ou persoal laboral**.
- **Destinos con carácter provisional**, ata resolverse o correspondente concurso de traslados previo.
- **Non se pode acadar máis dun posto en propiedade**, aínda que sexa en distintas escalas ou categorías profesionais, tanto na Admón Xeral como nas súas entidades instrumentais.
- **Permanecer en servizo activo un mínimo de dous anos** dende a toma de posesión antes de concedérselle excedencia por interese particular ou servizos no sector público.